



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CUADRAXÉSIMO SEGUNDA EDICIÓN DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA 2026

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, José Carlos López Campos, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando en nome e representación da mesma en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E doutra, César Manuel Fernández Gil, na súa calidade de alcalde-presidente do Concello de Ribadavia, con NIF P-3207000E, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude da certificación expedida polo secretario do Concello de Ribadavia de 13.04.2026.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008), así como promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, pero tamén o é o impulso da cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.

Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).





Segundo. O Concello de Ribadavia vén organizando, como unha importante cita do eido escénico, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT), un dos eventos máis importantes do sistema teatral galego recoñecido pola Xunta de Galicia co premio da Cultura Galega 2013 na modalidade de artes escénicas ao entendela como o principal catalizador da refundación da escena galega na década dos anos 70 do pasado século. Nacida en 1973 da man da Asociación Cultural Abrente, a mostra foi adquirindo en cada edición unha maior envergadura ata se converter na cita de referencia para o conxunto dos profesionais e afeccionados do teatro galego non só de Galicia senón tamén das comunidades limítrofes, que poden acceder, deste xeito, a propostas de prestixiosos artistas escénicos do panorama estatal e internacional así como ás creacións galegas máis innovadoras, na meirande parte dos casos consideradas estreas absolutas en Galicia. Consolídase, así, este evento como un importante foco de atracción e de dinamización socioeconómica de toda a comarca á vez que se fortalece o papel exclusivo e necesario que a Mostra cumpre no sistema cultural galego.

A MIT foi creando, na súa xa longa traxectoria, un público fiel que sabe que vai ter a ocasión única de poder asistir a propostas de nomes relevantes do panorama escénico internacional e ás propostas máis novas das creacións galegas. Os preto de 20.000 visitantes durante os días que dura a mostra e unha ocupación media que rolda o 95 % son testemuño do éxito da programación, como tamén o é a gran repercusión social do evento, que medra ano tras ano de maneira continuada.

Pero a programación do certame vai máis alá da exhibición de espectáculos. O desenvolvemento dun programa de actividades paralelas e complementarias, que buscan fortalecer redes profesionais e intercambios internacionais mediante encontros con programadores, festivais e centros de creación europeos, o elevado número de estreas, a relación formal e estética que se establece cos lugares de exhibición, a maioría ao aire libre e en núcleos constituídos como patrimonio histórico artístico, o apoio á escrita teatral coa convocatoria, por parte do Concello de Ribadavia, dos Premios Abrente de textos teatrais dentro do marco da Mostra, converten a MIT de Ribadavia nun espazo único de experiencia escénica.

Terceiro. Galicia conta cun tecido cultural de extraordinaria calidade, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer, e a MIT de Ribadavia sitúase no mapa do turismo cultural sostible e innovador como un selo diferencial de calidade no conxunto dos festivais europeos. A súa posición histórica, de tradición e vangarda, e o patrimonio histórico artístico en que se celebra fan do festival un proxecto único e de gan potencial e atractivo.

A Agadic decide participar no financiamento deste programa por tratarse dunha actividade de primeira liña na nosa Comunidade, dunha das marcas culturais xa consolidadas en Galicia. É o único festival de artes escénicas de Galicia que conta con recoñecementos e premios que o distinguen non só no ámbito endógeno do funcionamento da súa actividade, senón que tamén é recoñecido na acción exterior, o que implica un recoñecemento amplo que vai máis aló do da comunidade, como así o manifestan os premios Adolfo Marsillach polo labor teatral significativo en 2020, da Asociación de Directores de Escena de España por ser exemplo de calidade artística e de xestión no ámbito das artes escénicas a nivel nacional e internacional; o Premio Rosa María Cano de Xestión Cultural no ámbito das Artes Escénicas en 2017 pola súa excelencia artística, aos que hai que sumar outros de repercusión autonómica e en diferentes capas sociais, dende o afeccionado e popular ata o profesional e asociativo ou da crítica.





A incidencia no ámbito académico é outra das vertentes que fan deste un festival único, pois grazas á MIT pódense coñecer creadores e creadoras internacionais que forman parte dos plans de estudos no ensino artístico superior. Desta maneira, nomes de artistas estreados na MIT que forman parte do corpus académico do teatro contemporáneo internacional coma Pippo Delbono, Declan Donellan, Eimuntas Nekrosius, Emma Dante, Jan Fabre, Jan Lawers, Oskaras Korsunovas, Marco Layera, etc. son coñecidos pola sociedade galega e polo estudantado de Arte Dramática de Galicia grazas a este festival. Por outro lado, a recepción crítica das actividades realizadas na MIT, que se estuda en congresos, artigos e actas (dende revistas especializadas coma ADE Teatro ata actas de Congresos en Montpellier, Avignon, Porto, etc.), evidencia que a xestión vai máis alá da acción de exhibición e alimenta o aparato crítico académico, que un festival con pretensión e ambición de crear relato e corpus teórico no ámbito especializado académico necesita tamén levar a cabo.

A MIT de Ribadavia é un símbolo histórico, tradición de Abrente herdada como oportunidade para consolidar unha marca de prestixio grazas a toda a súa potencialidade pero tamén a eses obxectivos que perseguen e que se concretan en aspectos transversais de toda a súa actividade. Valores e liñas de acción que a nova dirección da mostra dende a pasada edición pretende continuar e expandir ao tempo que suma novas propostas e iniciativas, en especial no relativo ao apoio á creación galega e facilitación de espazos de encontro e de oportunidade para o ecosistema do noso territorio; a construción de redes de intercambio e colaboración, con foco en Portugal; a expansión de actividades de mediación e de participación cidadá e un reforzo do compromiso coa accesibilidade, a igualdade e a sustentabilidade, incorporando medidas para persoas cegas e xordas, programas inclusivos, protocolos contra discriminacións, unha forte presenza de mulleres creadoras e directoras, ademais de promover prácticas ecolóxicas, economía circular e colaboración co tecido local e cultural de proximidade.

Co fin de acadar unha maior eficacia na consecución dos nosos obxectivos de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega e dado o interese común na posta en marcha tanto de novos programas coma de mellora dos xa existentes, é polo que se artella este convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Concello de Ribadavia, que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades escénicas que enriquecen, sen dúbida, o noso patrimonio cultural.

Cuarto. Os artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

De conformidade co disposto no artigo 25.2 letra m) da LRBRL, atribúe aos municipios competencias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións é polo que se asina este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da cuadrexésimo segunda edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2026, que organiza o Concello de Ribadavia.

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, por ser o Concello de Ribadavia a entidade que organiza e desenvolve este evento. A oportunidade que representa o evento de coñecer no noso contexto o repertorio básico da excelencia internacional no ámbito escénico; a posta en valor do turismo sostible e de interior levada a cabo polo Concello; o seu traballo na consolidación dun público novo, plural e esixente, que non só recibe espectáculos senón tamén diversas actividades de mediación enfocadas na contrución dunha visión da cultura como dereito e participación; o seu obxectivo de recuperar actividades parateatrais, fomentar a vida comunitaria e prestixiar os lugares e espazos menos visibles; así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifican a concesión desta subvención mediante a formalización dun convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

A entidade organizará a cuadrexésimo segunda edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que se desenvolverá nesta poboación ourensá do 17 ao 25 de xullo de 2026, unha edición que asenta as bases do novo equipo de dirección artística do evento no seu segundo ano e que porá o foco na creación escénica contemporánea e na celebración da súa diversidade.

A 42ª edición da MIT, que xira arredor da idea da "cita" como espazo de encontro, memoria e refuxio colectivo a través da arte contemporánea, presentará máis de 25 espectáculos e máis de dez actividades paralelas de mediación, mantendo unha forte dimensión pública e accesible, con programación diaria e actividades tamén gratuítas.

A programación reforza o apoio á creación galega, con presenza de compañías e artistas como Cris Balboa, Chévere, Premio Nacional de Teatro, ou Janet Novás, recente Premio Nacional de Danza, Ibuprofeno Teatro, A Feroz, ao tempo que impulsa novas dramaturxias,





creadoras emerxentes, como Alomais Teatro, e coproducións internacionais. Continúa a MIT sendo apoio e plataforma para a creación e a dramaturxia galega coa convocatoria do Premio Abrente na súa vixésimo primeira edición.

No ámbito internacional, Portugal ten un papel destacado pola proximidade cultural e lingüística, xunto con propostas de México e Bélxica; e a nivel estatal, destacan propostas contemporáneas e experimentais de compañías de Andalucía, Euskadi, Canarias, Cataluña ou Valencia, con especial presenza de espectáculos participativos, teatro de rúa e proxectos comunitarios.

Actividades de mediación e formación a través de foros, obradoiros, propostas comunitarias, residencias artísticas, encontros e presentacións completarán o programa da cuadraxésimo segunda edición da MIT.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 60.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1 432B 760.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O orzamento total das actividades obxecto de subvención é de 225.401,85 euros (IVE incluído). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe de ata o 80 % da cantidade subvencionada, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o concello terá que presentar, ante a Agadic, certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.

SEXTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS





Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. O concello beneficiario deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, e conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control e de conformidade co procedemento recollido nos artigos 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma. O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.

e) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluirase en toda a documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia e do Xacobeo 27, de acordo co seus manuais de identidade corporativa.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Acreditar o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.





h) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2026 e a data límite de xustificación.

GASTOS SUBVENCIONABLES	Importe sen IVE	Importe con IVE
1. Cachés	77.304,77	86.615,90
<i>Servizos:</i>		
1.1. Cachés actuacións artísticas e actividades	77.304,77	86.615,90
2. Montaxe	11.000,00	13.310,00
<i>Servizos:</i>		
2.1. Servizo de montaxe e desmontaxe	11.000,00	13.310,00
3. Equipamento técnico	41.320,00	49.997,20
<i>Servizos:</i>		
3.1. Servizos de asistencia técnica de iluminación, son e vídeo	20.681,00	25.024,01
<i>Subministracións</i>		
3.2. Material técnico	20.639,00	24.973,19
4. Comunicación, deseño e publicidade	7.175,00	8.681,75
<i>Servizos:</i>		
4.1. Deseño materiais de difusión	1.200,00	1.452,00
4.2. Cartaz e identidade visual	400,00	484,00
4.3. Publicidade	2.150,00	2.601,50
4.4. Imprenta e cartelería	985,00	1.191,85
4.5. Servizos web	1.000,00	1.210,00
4.6. Foto, vídeo, redes sociais	1.440,00	1.742,40
5. Transportes	4.641,82	5.106,00
<i>Servizos:</i>		
5.1. Viaxes compañías e profesionais	2.281,82	2.510,00
5.2. Servizos de transfers e traslados locais	2.360,00	2.596,00
6. Aloxamentos e mantenzas	9.636,36	10.600,00
<i>Servizos:</i>		
6.1. Aloxamentos compañías e profesionais	8.636,36	9.500,00
6.2. Mantenzas compañías	1.000,00	1.100,00
7. Premio Abrente	4.900,00	4.990,00
<i>Servizos:</i>		
7.1. Xurado	900,00	990,00
<i>Outros:</i>		
7.2. Dotación premio	4.000,00	4.000,00
8. Dirección, produción e organización	28.100,00	34.001,00
<i>Servizos:</i>		
8.1. Dirección	14.000,00	16.940,00
8.2. Coordinación de programas	8.000,00	9.680,00
8.3. Servizos produción	6.100,00	7.381,00
9. Accesibilidade	10.000,00	12.100,00





<i>Servizos:</i> 9.1. Servizos de interpretación de lingua de signos e audiodescrición	10.000,00	12.100,00
TOTAL	194.077,95	225.401,85

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **13 de outubro de 2026**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, entenderanse xustificadas co feito da súa retención, sen prexuízo de que unha vez ingresados os importes, a entidade deba xustificalo coa entrega dos xustificantes correspondentes, que debe facerse con data límite do 15 de febreiro de 2027.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

1. O Concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Agadic o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que a entidade deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do acredor, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

Non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. De acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, as entidades locais beneficiarias están obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados nun prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.





- b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
 - c) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.
 - d) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - e) Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
 - f) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - g) Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que conste a colaboración da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2027.
 - h) Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
3. Á vista desta documentación, a Agadic comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá o certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento da achega comprometida.
4. A Agadic resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.
5. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 13 de outubro de 2026.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de





publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da Presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que a substitúa.
- A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.

3. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un funcionario ou funcionaria da Agadic.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Axencia Galega das Industrias Culturais
Finalidades do tratamento	Xestión e tramitación das axudas, bolsas e subvencións, convenios nominativos e premios que teñen a tramitación de subvencións.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
Destinatarios dos datos	Consellería de Facenda e Administración Pública. Base de Datos Nacional de Subvencións.





Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, ou retirar no seu caso o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

DÉCIMO CUARTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o Concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.

c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

d) O mutuo acordo entre as partes.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.





DÉCIMO QUINTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEXTA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMO OITAVA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico





asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**

POLO CONCELLO DE RIDABAVIA

José Carlos López Campos

César Manuel Fernández Gil

Presidente do Consello Reitor da Agadic

Alcalde-Presidente

